

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA COMISION DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 4 DE MAIO DE 1993.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día catro de Maio de mil novecentos noventa e tres; á unha e media da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren unha sesión extraordinaria da Comisión de Goberno, oportunamente convocada e motivada: Alcalde-Presidente accidental, Don Xosé Sotelo Barroso.- Concelleiros: Don Xosé Prieto Pérez e Don Ricardo González Amaro.

Está presente o Secretario accidental, Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde accidental pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación ó borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 26 de Abril pasado.

2.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Visto o escrito de Don Antonio López Míguez, veciño de Francelos, no que prega se lle informe do réxime urbanístico aplicable a unha finca da súa propiedade sita na Subida á Franqueirán, curruncho das rúas Pardo Bazán e Travesía, a Comisión de Goberno presta aprobación ó dictame do Sr. Aparellador Municipal, que di o seguinte: "Calificación urbanística: su emplazamiento corresponde al área circundante o de transición al Casco Histórico de Ribadavia, área delimitada en plano por trazos y que representa ZP/CHA -zona de protección del Conjunto Histórico Artístico según NN.SS..- La Ordenanza de aplicación es la 4.8, conjunto urbano con conservación parcial de carácter, necesitándose informe de la Comisión de Patrimonio por su ubicación en área de Ordenanza 4.8 y polígono de percepción.- Cabe destacar normas de uso, residencia vivienda agrupada; las alturas de cornisa y plantas máximas admitidas en el núcleo antiguo, edificado en más de sus dos terceras partes, será la media de los edificios existentes, determinada sobre el frente de la manzana o plaza en que se enclave el solar; el

fondo máximo para cualquier altura será de 15 metros.- Alineaciones, urbanización y aprovechamiento.- Alineaciones establecidas mediante acotación: Subida a la Franqueirán, se fija una alineación de fachada a fachada de 14 metros, tomando como alineación estable la establecida por los edificios situados en la margen izquierda subiendo. El edificio nº 16 está fuera de alineación.- Calle Pardo Bazán (escalinata), se fija una alineación de fachada a fachada de 6 metros, cuando la realidad de la calle que se encuentra ejecutada en casi su totalidad es de 7,95 metros; estimo que tendrá que mantener la alineación real de 7,95 metros.- Travesía de Pardo Bazán a Vicente Risco, se acota una alineación de fachada a fachada de 6 metros. Dicha Travesía en su embocadura con Vicente Risco tiene un ancho de 4,68 metros y en la embocadura de Pardo Bazán de 3,30 metros, la alineación será tomando 6 metros en la embocadura de Pardo Bazán y uniendo el punto de 6 metros con la esquina del edificio construido de B+6 en la alineación de la Travesía.- Urbanización: presentará propuesta de ejecución de nueva escalinata ajustada a la alineación y futuro edificio; pavimentará el eje de la Travesía, enlazando el servicio de alcantarillado por Pardo Bazán en diámetro 300, con sus correspondientes pozos así como la red de aguas; se colocará un báculo con luminaria similar a las existentes en la fachada de la Travesía y conectado a la red actual.- Aprovechamiento urbanístico: una vez definidas las alineaciones y dentro del área resultante se podrá edificar con planta baja y dos plantas altas, tomando como referencia la cota de la Travesía, fundamento en la Ordenanza 4.8 CU".

Visto o escrito de Don Cándido Fernández Vázquez, veciño de Francelos, no que prega se lle conceda prórroga da licencia que lle outorgou a Comisión de Goberno, con data 6 de Abril de 1992, para cubrir unha terraza con planchada de formigón e tella do país, no seu inmoible sito na rúa Ramal, 14, sen troca-las aliñacións actuais nin altera-lo volume, a Comisión de Goberno acorda concede-la prórroga de que se trata por prazo de seis meses a partir da notificación, tendo en conta as mesmas condicións xa sinaladas.

Visto o escrito de Dona Carmen Pérez Fernández, veciña desta Vila, con domicilio na rúa Rosalía de Castro, nº 9, 3º, no que establece que deixa de ter dependencia co establecemento adicado a bar, de nome "Uruguay", sito na rúa Muñoz Calero, ós efectos de causar baixa nos impostos municipais, esta Alcaldía acorda tomar en consideración esta petición, se ben cómpre que pola Policía Local se faga o correspondente informe sobre a situación actual do establecemento público de referencia.

3.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Toma coñecemento a Comisión de Goberno, ós conseguintes efectos, dos seguintes escritos oficiais:

Da Oficina para a Prestación Social dos Obxectores de Conciencia, do Ministerio de Xustiza, acordando a Comisión que se cumprimenten, no seu caso, os documentos correspondentes.

Informe do Sr. Cabo Xefe da Policía Local, sobre feitos que ocorreron nesta Vila na madrugada do día 3 de Maio corrente, fronte ó establecemento nomeado Kanal-4, acordando a Comisión que se remita o informe ó Xulgado de Instrucción e mesmo que, se así procede, se inicie expediente de sanción ó establecemento de que se trata diante do feito de que estivese aberto ó público fóra do horario legal autorizado.

Informe da Sra. Farmacéutica titular, sobre a situación na que se atopan as instalacións do depósito de auga desta Vila, acordando a Comisión que se realicen os traballos correspondentes de instalación de pechadura e limpeza dos filtros.

Escrito da Deputación Provincial, sobre aboamentos á mesma de aportacións a obras de Planos Provinciais.

Escrito do MAP, sobre o Plano Provincial de Obras do ano 93, acordando a Comisión de Goberno que no momento en que a Deputación expoña definitivamente o Plano de referencia será o axeitado para face-las alegacións correspondentes sobre a non inclusión no mesmo do Concello de Ribadavia.

Da Dirección Xeral de Xustiza e Relacións coas Corporacións Locais, dando normas sobre os expedientes de urxente ocupación.

En relación cun escrito remitido pola Secretaría Xeral de Comunicación da Presidencia da Xunta de Galicia, sobre cobertura do sinal de TVG, a Comisión de Goberno, actuando por delegación de competencias do Pleno, acorda acollerse ó Convenio de Cooperación entre a Consellería da Presidencia e Administración Pública e este Concello, segundo o modelo que se atopa no expediente, para a instalación de equipos repetidores locais de sinal de TVG nas seguintes zonas e lugares: Chalets, As Chavolas, Santa Cristina, e Barrio de San Francisco; fica facultado o Sr. Alcalde para asina-lo convenio de que se trata.

En relación cun escrito da Consellería da Cultura e Xuventude, Delegación Provincial de Ourense, que fai referencia a unhas obras na Capela da Virxe do Portal desta Vila, interiores, para a instalación de calefacción, a Comisión de Goberno acorda dar traslado do mesmo ó Sr. Abade de Ribadavia, ós conseguintes efectos legais.

A Comisión de Goberno acorda acollerse ó sistema de axudas que se contemplan na Orde do 16 de Abril de 1993, da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, para a promoción e comercialización de produtos agrarios e agroalimentarios galegos, para a actuación concreta nomeada XXX FEIRA DO VIÑO DO RIBEIRO-SALON DOS VIÑOS GALEGOS, 1993, organizada por este Concello; fica facultado o Sr. Alcalde para a tramitación das solicitudes segundo o establecido no artigo 5º da devandita Orde.

4.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión de Goberno coñece un escrito da Xefa de Contabilidade da Intervención de Facenda de Ourense, sobre compensación de saldos debedores resultantes de liquidacións definitivas de recursos locais, por importe de 674.108 pesetas.

Segundo a comunicación do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria, a Comisión acorda devolver a Don Carlos Alvarez Quinteiro a cantidade 31.497 pesetas, por bens de natureza urbana sitios na rúa Piñeiral, desta localidade.

Tamén coñece a Comisión de Goberno un escrito da Axencia Estatal de Administración Tributaria, que fai referencia á obriga de presenta-los modelos 3xx.- I.V.E, declaración mensual, por parte desta Entidade.

Por último, a Comisión, en relación cunha petición de axuda que se remitiu á Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública, para a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, desexa face-las seguintes precisións: que se atopa en fase de exposición ó público o Regulamento correspondente aprobado por este Concello; por conseguinte, unha vez que remate este prazo de exposición e se non hai reclamacións, remitirase o mesmo ó devandito Organismo para solicita-la correspondente inscrición no rexistro de Asociacións e Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil; a Comisión, en todo caso, fai fincapé en que esta Agrupación de Voluntarios terá unha total dependencia do Concello, polo cal, e

sen prexuízo dunha mellor consideración, o seu desenvolvemento sempre terá orixe e dependencia nas directrices do Concello.

E sendo as dúas da tarde o Sr. Alcalde accidental ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, como Secretario accidental, certifico.